

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 5 DE OUTUBRO DE 2021

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M. Carmen

Secretario

Prada Rodríguez, Julio

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Presedo Garazo, Antonio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé R.

Estudantes

PAS

A xunta realízase de xeito presencial na sala de Profesorado do Edificio de Facultades, reuníndose os membros que figuran á marxe, o martes 5 de outubro de 2021, ás 9.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 6 de xullo de 2021.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, da actividade extraacadémica do centro
4. Proposta do tribunal Premio extraordinario de grao (3 prof. Doutores con vinculación permanente membros X.F.)
5. Valoración sobre a proposta do Decano de Humanidades do campus de Lugo do grao en Humanidades dixitais.
6. Rolda de intervencións.

Desculpan ausencia:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 6 de xullo de 2021.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe da presidenta.

En primeiro termo a decana informa sobre a baixa da secretaria, dona Josefina Cadilla Lomba, á que desexa un rápido restablecemento, e pide que conste en acta o agradecemento do equipo decanal pola disposición do profesor Julio Prada Rodríguez para actuar como secretario accidental mentres dura a devandita baixa.

A continuación dá conta da incorporación do novo bolsreiro de apoio ao Centro, Yeraí Caamaño e da realización das dúas actividades pendentes: a saída de estudos a Tui-Valença, que será sometida a votación no terceiro punto da orde do día; e as charlas de orientación profesional a celebrar no mes de novembro, plantexando a necesidade de que se incorporen tamén no Mestrado que imparte a Facultade dada a súa utilidade e a adaptación ás especificidades de cada título.

Informa do inicio do curso na modalidade presencial coas cautelas e prevencións herdadas do pasado curso académico, así como dos pequenos problemas producidos nun principio en relación coa capacidade da aula de segundo curso, que na actualidade xa se atopan solucionados. Felicítase, asemade, polo nivel de asistencia do alumnado.

Refírese, a continuación, a problemática que presenta o alumnado PIUME, ao que presta atención o Gabinete Psicopedagóxico do campus, aínda que tamén apunta que se perciben casos de necesidades específicas que, pola contra, non solicitan atención. Explica que é necesario partir da base de que este alumnado cumpre os requisitos de acceso á Universidade, pero que necesita un apoio específico, sendo o devandito Gabinete o que emite un informe no que se concretan esas necesidades e que logo se remite ao profesorado. Fai referencia, asemade, ás dificultades que pode xurdir á hora cumprir determinadas pautas, pero insiste en que a Universidade non contempla as adaptacións curriculares xa que o alumnado debe acadar todas as competencias previstas no título.

Neste punto interveñen diferentes profesores e profesoras que expresan o seu parecer sobre as dificultades que presenta a atención a este tipo de alumnado con necesidades específicas de apoio. Nuns casos alúdese á dificultade de axudar a que acaden as competencias previstas sen unha adaptación curricular; noutros a que determinadas competencias, como a de traballo en equipo, poden resultar de difícil adquisición se as recomendacións ou as demandas deste alumnado son de traballar individualmente. En termos xerais existe coincidencia á hora de considerar que se trata dun alumnado que necesita que se lle facilite o proceso de aprendizaxe e unha atención personalizada, xa que se ben en cursos anteriores foi posible ir resolvendo os casos que se presentaban, a complexidade que presentan algúns casos actuais require un tratamento específico. Neste senso, considérase necesario unha xuntanza co Gabinete Psicopedagóxico que permita delimitar cales son as necesidades de apoio específicas, incluíndo, se fose preciso, un bolseiro ou profesorado de apoio.

A decana continúa o seu informe lembrando que está a piques de pechar o orzamento económico deste exercicio, lembrando ao profesorado que aínda non o fixo que realice o gasto preciso en material docente ao igual que fai respecto á Delegación de Alumnado.

Informa, asemade, que está aberto o proceso electoral para representantes de alumnado, PDI sen vinculación permanente e PAS para a Xunta de Centro e que despois se abrirá o proceso de elección de decano/a, estando previsto que a votación sexa á volta do Nadal.

Finalmente, dá conta do escrito presentado polo profesor José Antonio Díaz Fernández no que solicita un pronunciamento institucional da Xunta de Facultade respecto á situación creada na illa da Palma como consecuencia da erupción do volcán de Cumbre Vieja, escrito que se xunta como anexo á presente acta. Os membros da Xunta expresan o seu parecer ao respecto, considerando que o órgano competente para promover o devandito pronunciamento debера ser o Reitorado, invitando ao proponente a dar traslado do mesmo a esta instancia.

3. Aprobación, se procede, da actividade extraacadémica do centro.

Apróbase por asentimento.

4. Proposta do tribunal Premio extraordinario de grao (3 prof. Doutores con vinculación permanente membros X.F.)

A decana propón que se prorrogue a composición do tribunal do pasado curso académico, proposta que é aceptada pola Xunta, quedando designados os seguintes membros da mesma: D. Julio Prada Rodríguez, Dona Susana Reboreda Morillo e Dona Elena de Uña Álvarez.

5. Valoración sobre a proposta do Decano de Humanidades do campus de Lugo do grao en Humanidades dixitais.

Toma a palabra a decana para explicar que esta proposta, xa tratada nunha Xunta anterior, non conta con ningún documento de punto de partida senón que se trata dunha iniciativa do decano de Humanidades do campus de Lugo que implicaría, ademais desta, á Facultade de Humanidades e Documentación de Ferrol e á Facultade de Historia de Ourense. Trataríase de facer unha declaración de intencións diante da nova apertura do mapa de titulacións en Galicia. Dá conta, ademais, de que, aínda que non dispón de comunicación oficial algunha, semella que a Universidade de Santiago non pretende tanto a implantación dun novo Grao en Xeografía e Historia senón o deseño dun itinerario en tal sentido. Asemade, indica que tamén parece estar sobre a mesa a posibilidade de implantar un Grao en Arqueoloxía.

Toma a palabra a profesora Beatriz Vaquero para explicar que tivo ocasión de consultar os planos de estudos de diversas Facultades nas que se imparte un título similar ao proposto e que, na súa opinión, as tres Facultades que se pretende implicar presentan un perfil moi similar e, pola contra, aspectos como Biblioteconomía, Informática ou Xornalismo non contan nelas con profesorado especializado, polo que considera que na situación actual non se debería facer ningún movemento na dirección proposta. O profesor Antonio Presedo considera que parte desta oferta xa está cuberta polo Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural e pregunta se se trata dunha proposta do decano de Humanidades ou da Xunta, respondendo a decana que se trata dunha proposta deste último que, no caso de contar co respaldo necesario, sería sometida aos órganos competentes. O profesor Julio Prada manifesta que na súa opinión un novo título destas características restaríalle alumnado á Facultade a medio

prazo, xa que considera que nun futuro non moi lonxano é previsible un descenso de matrícula. A profesora María López tamén considera que non é momento de realizar movementos neste sentido, xa que o mesmo que aconteceu co Grao en Relacións Internacionais o que se pretende é solucionar a situación das titulacións de Lugo e Ferrol en dificultades por falta de alumnado. A profesora Beatriz Comendador engade que non deixa de chamar a atención o interese da Universidade de Santiago de Compostela en crear un Grao de Arqueoloxía fronte ao desleixo que manifesta con relación ao Mestrado Interuniversitario do que a Facultade é parte, considerando que é preciso amosar a desconformidade coa posible implantación do mesmo. Neste senso, o profesorado tamén amosa o seu sentir de que tal desconformidade debería facerse extensiva a ese posible itinerario de Xeografía e Historia por tratarse, en realidade, doutro xeito de ofertar indirectamente o título baixo o disfrace dunha mención ou doutra fórmula.

En consecuencia, a Xunta de Centro adopta o seguinte acordo por asentimento dos presentes: Non tomar en consideración a proposta do Decano de Humanidades do Campus de Lugo relativa á implantación dun Grao Interuniversitario en Humanidades Dixitais.

6. Rolda de intervencións.

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 9.55 h do día 5 de outubro de 2021, da que eu como secretario, dou fe co visto e praxe da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

O secretario
Asinado dixitalmente
Julio Prada Rodríguez

Á atención do Sra. Decana da Facultade de Historia.

Estimada Sra. Decana, moi bos días:

Por medio do presente correo, paso a dirixirme á atención de vostede co propósito de solicitarlle que a Facultade de Historia faga unha declaración institucional de SOLIDARIDADE COA VECIÑANZA DA ILLA DA PALMA. As razóns son de sobrado peso. A lamentable situación no que se atopa a poboación da illa ante a xénese dun fenómeno tan sobresaínte como é a erupción volcánica do Volcán Cumbre Vieja, penso que nos debe facer reflexionar como comunidade académica, social e cidadana. No pasado próximo a Galiza tivo varios acontecementos moi devastadores como foron as mareas negras do Prestige, Mar Exeo, Cason, Urkiola, etc., e sempre tivo a solidariedade da cidadanía española. Aínda máis lonxe, Sra. Decana, cando se produxo a Marea Negra do Prestige chegou á Galiza unha marea de voluntarios a quitar o chapapote da nosa costa.

Foi un traballo épico o que amosou ese xesto continuo de solidariedade.

Pois ben, agora debemos ser nós con total convicción quenes fagan unha declaración institucional de apoio sen fisura. Se se abre un número de conta, para os milleiros de persoas que teñen alí unha vida e que o están a perder todo, eu quixera colaborar modestamente co que eu poda aportar. Por último, Sra. Decana, gustaríame que vostede nos liderase facendo un traslado de esta solicitude ante os órganos xestores da UVIGO para que teñan esta solicitude e fagan o oportuna declaración institucional. Entendo que a gravidade da situación non permite xa máis demora.

Sen outra cuestión pola miña banda, aproveito para o saludar moi atentamente.

Tony

Xosé Antón Díaz Fernández.